



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 3
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	<input type="checkbox"/> Home	<input type="checkbox"/> Muller	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use cintas correctoras).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



2020310001

Celga



Certificado
Lingua
Galega

3



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C3-A-20



Proba A1

Vostede pertence a unha asociación de comerciantes interesada en promover o turismo na súa vila. Logo de ver a seguinte reportaxe, decide escribirlle un **correo electrónico** sobre este tema á concelleira de Turismo. No texto, de **300 palabras**, vostede ten que:

- Presentarse e explicar brevemente como se produciu a expansión do turismo galego nas últimas décadas.
- Salientar que atractivos turísticos da súa comarca conviría potenciar para aumentar o número de visitantes.
- Informala sobre os recursos tecnolóxicos que axudarían a promover a localidade como destino turístico.
- Propoñerlle outras iniciativas para favorecer o turismo na súa vila e ofrecerlle a súa colaboración.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A1 test.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Vostede pensa que os oficios artesanais aínda teñen futuro en Galicia. Logo de ler o seguinte texto nunha revista dixital, decide escribir un **artigo** para un blog sobre autoemprego. Neste escrito, de **300 palabras**, deberá:

- Facer un breve resumo sobre a transformación dos oficios tradicionais desde o século pasado ata hoxe.
- Dar a súa opinión sobre as oportunidades de negocio que pode ofrecer o sector da artesanía actualmente.
- Mencionar algúns exemplos de empresas de produtos artesanais que resulten rendibles.
- Propoñerlles aos lectores e lectoras do blog algunha actividade artesanal á que dedicarse profesionalmente.

Neoartesanía ou o retorno 2.0 dos oficios tradicionais



A mediados do século XX, as vilas e aldeas do país estaban ateigadas de artesáns e artesás que producían nos seus talleres boa parte dos obxectos esenciais para o desenvolvemento das tarefas cotiás: olas, ferramentas para o campo, teas, zapatos e zocas, roupa de cama, coitelos ou navallas. Os oficios tradicionais garantían o abastecemento das poboacións, que transmitían de xeración en xeración un saber facer ancestral.

Esa posición central foise vendo desprazada a medida que a economía se internacionalizaba e a industria daba un pulo. A globalización asestaríalle un golpe definitivo, ao promover a deslocalización da produción e introducir sistemas de comercialización de mercadoría a baixo custo.

Os oficios tradicionais, como a cestaría, a zocaría, a olaría ou a ferraría perderon funcionalidade. De teren unha aplicación práctica, a partir dos setenta fóronse transformando nun vestixio cultural, unha mostra da identidade folclórica do país. A artesanía converteuse nun mecanismo de subsistencia dificilmente rendible.

O novo milenio trouxo aires de renovación que os sacaron da decadencia. Conforme avanzaba o modelo de consumo rápido, baseado en produtos de curta durabilidade que cómpre substituír axiña, nacía unha tendencia inversa que promovía unha economía alternativa cimentada na produción limitada, a exclusividade, a orixinalidade e o feito á man. O movemento *hipster*, defensor do «Faino ti», é un dos representantes desta nova mentalidade. Os traballos manuais fóronse recubrindo dunha pátina de posmodernidade. Era o inicio da era da neoartesanía.

Para loitar contra a precariedade do sector e facelo competitivo, hoxe faise imprescindible actualizar a fabricación e artellar vías de promoción e venda. O apoio de Internet permitiu devolverlle o esplendor á artesanía.

Neoartesanía de moda

Pola súa propia natureza, a industria da moda e do luxo está moi vinculada á manufactura. A confección das pezas, o bordado e a inserción de abelorios son laboriosos traballos de artesáns que xustifican os elevados prezos das pezas. Porque hoxe a artesanía —mesmo máis aló da alta costura— afástase da súa natureza utilitaria e convértese nun pracer restrinxido.

A miúdo, as producións de moda e espectáculos recuperan nomes da pequena industria na procura de elementos diferenciais. É o caso de Castrillo, o fabricante burgalés de corpiños de coiro que visten Madonna ou Beyoncé. As súas creacións chegaron aos escaparates de Nova York, París ou Londres.



No norte, agroman outras proveitosas colaboracións de moda. É o caso da cesteira Idoia Cuesta, radicada en Outeiro de Rei (Lugo), unha das grandes renovadoras do oficio, que despuntou aplicándolles as técnicas tradicionais a materiais pouco comúns, como o soporte téxtil. A deseñadora Sara Coleman chegou a empregar os seus complementos na Mercedes Benz Fashion Week Madrid. Recoñecida co Premio Nacional de Artesanía, esta creadora vasca é tamén responsable na actualidade dunha liña de bolsos, chamada Galicia, comercializada pola casa de luxo Loewe.

Malia que confesa que as pasarelas e as tendencias non a seducen especialmente, a zoqueira Elena Ferro ten unha traxectoria semellante. De feito, algunhas das súas creacións pisaron xa alfombras vermellas (nos Goya 2015) e pasarelas (da man da marca galega AirovA).



Grazas ao seu compromiso coa historia familiar, o calzado tradicional galego vive unha segunda xuventude. O seu segredo é o equilibrio acadado entre as liñas tradicionais e a inspiración moderna, cunha ampla variedade de cores, estampados e motivos que fan dos zocos un calzado cheo de posibilidades. A propia Elena admite que o seu «selo é facer zocos á carta».

E é que a produción baixo demanda é unha das grandes bazas da neoartesanía, ao controlar o stock dispoñible e limitar así a marxe de perdas. Poida que aínda haxa esperanza para os antigos oficios na era 2.0.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

